



Guía Docente

Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Práctica na empresa		Código	670471208
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección Integrada de Proxectos (Plan 2017)			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívics e AeronáuticasEducación Física e DeportivaEmpresa			
Coordinación	Martinez Carballo, Manuel	Correo electrónico	manuel.martinez.carballo@udc.es	
Profesorado	Martinez Carballo, Manuel	Correo electrónico	manuel.martinez.carballo@udc.es	
Web	http://mdip.es			
Descrición xeral	Consulte la guía docente en la pestaña del idioma CASTELLANO.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Saber actuar como representantes do promotor do proxecto en tódolos ámbitos de actuación do Director de Proxecto ou Project Manager.
A2	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Edificación e Desenvolvemento Territorial na especialidade de Edificación e Desenvolvemento Territorial
A3	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Lecer e Deporte na especialidade de Lecer e deporte
A4	Saber iniciar, planificar, dirixir, controlar e pechar Proxectos de Sistemas de Información na especialidade de Sistemas de Información
A8	Capacidade de organización e planificación as diferentes fases dun proxecto.
A20	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos ao campo profesional no que desenvolve a súa actividade o Project Manager.
B1	Capacidade de análise e de síntese.
B2	Capacidade de Organización e Planificación
B4	Capacidade de procura, análise e selección de información relevante.
B5	Capacidade de utilización e xestión da información
B6	Capacidade para actuar con velocidade e sentido de urxencia para concretar resultados con altos niveis de calidade e rendemento a fin de atender as necesidades do cliente.
B7	Capacidade de enfocar os esforzos en xerar valor para o cliente, buscando a súa satisfacción e a súa fidelización.
B8	Capacidade de comunicación e motivación
B9	Capacidade para a resolución de problemas
B10	Capacidade para a toma de decisións
B11	Capacidade para traballar nun equipo de carácter interdisciplinar
B12	Capacidade para traballar nun contexto internacional
B13	Capacidade de liderado, diálogo e negociación
B14	Desenvolver o compromiso e motivación para o aseguramiento da calidade na dirección de proxectos.
B15	Asumir a importancia fundamental da seguridade laboral, accesibilidade, sustentabilidade e medioambiente na planificación, dirección e xestión de proxectos.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.



C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
As prácticas académicas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polo alumnado co obxectivo de permitir aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa inserción laboral e fomenten o seu emprendemento. Consisten na realización de prácticas de carácter obrigatorio por medio dun sistema de permanencia regrada nunha empresa, nun organismo ou nunha institución administrativa, económica ou profesional, unha universidade, nun centro de investigación de carácter público ou privado, que fosen convocadas de acordo coas presentes instrucións. Tamén se poderán realizar prácticas externas en dependencias e servizos da propia Universidade da Coruña ou da Universidade de Vigo que non estean destinados á actividade docente ou investigadora. As prácticas deben necesariamente orientarse cara á elaboración dun informe sobre o seguimento da metodoloxía en dirección integrada de proxectos observada no centro de realización; a análise comparativa con metodoloxías de dirección integrada de proxectos, e a concreción de propostas de mellora como conclusión da análise. Dada a natureza formativa das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivan, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dun posto de traballo.	AP1	BP1	CP1
	AP2	BP2	CP3
	AP3	BP4	CP4
	AP4	BP5	CP5
	AP8	BP6	CP6
	AP20	BP7	CP7
		BP8	CP8
		BP9	
		BP10	
		BP11	
		BP12	
		BP13	
		BP14	
		BP15	

Contidos	
Temas	Subtemas
realizacion de practicas en empresas, desenvolvendo labores ligados a Proxectos	realizacion de practicas en empresas, desenvolvendo labores ligadas a Proxectos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A8 A20 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	0	150	150
Atención personalizada		0	0	0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	As prácticas deben necesariamente orientarse cara á elaboración dun informe sobre o seguimento da metodoloxía en dirección integrada de proxectos observada no centro de realización; a análise comparativa con metodoloxías de dirección integrada de proxectos, e a concreción de propostas de mellora como conclusión da análise. 1. As prácticas teñen como obxectivo fundamental complementar a formación teórica do alumnado e facilitar a súa inserción no mundo laboral ou investigador. 2. As prácticas permitirán a asimilación por parte do alumnado da realidade institucional, empresarial ou investigadora no ámbito das súas respectivas profesións futuras por medio da consecución, en particular, dos seguintes fins: a) Formación integral do alumnado ao equilibrar a súa formación teórica e práctica. b) Adquisición da metodoloxía de traballo adecuada á realidade na que haberá de actuar tras a súa incorporación ao mundo laboral ou investigador. c) Obtención da experiencia profesional ou investigadora que facilite a inserción laboral do alumnado e mellore a súa empregabilidade. d) Desenvolvemento da capacidade de decisión e do espírito crítico no ámbito da dirección integrada de proxectos. e) Preparación do alumnado para o desenvolvemento de actividades colaborativas ou interdisciplinares
---------------------	---

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
	Os alumnos serán tutelados por un Tutor académico que axudará a resolver dudas e cuestións que os alumnos teñan durante o desenrolo das prácticas externas. Igualmente fará un seguimento do alumno xunto ao tutor externo

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A8 A20 B1 B2 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2. As prácticas permitirán a asimilación por parte do alumnado da realidade institucional, empresarial ou investigadora no ámbito das súas respectivas profesións futuras por medio da consecución, en particular, dos seguintes fins: a) Formación integral do alumnado ao equilibrar a súa formación teórica e práctica. b) Adquisición da metodoloxía de traballo adecuada á realidade na que haberá de actuar tras a súa incorporación ao mundo laboral ou investigador. c) Obtención da experiencia profesional ou investigadora que facilite a inserción laboral do alumnado e mellore a súa empregabilidade. d) Desenvolvemento da capacidade de decisión e do espírito crítico no ámbito da dirección integrada de proxectos. e) Preparación do alumnado para o desenvolvemento de actividades colaborativas ou interdisciplinares	100

Observacións avaliación



A avaliación das prácticas farase

a partir dun informe emitido polo titor externo da organización onde se realicen, e da memoria de prácticas elaborada polo alumnado que será avaliada polo titor universitario. Para acadar o aprobado a valoración de ambos aspectos deberá ter a cualificación de apto. Na cualificación final o informe do titor externo da organización representará o 80% da nota. A avaliación do titor da organización consistirá en contestar un cuestionario remitido ao titor da universidade no que se recollen aspectos relacionados co profesional, coa puntualidade, coa laboriosidade, coa adaptación ao medio, coas relacións humanas, coa motivación etc. Ao final do período de prácticas, cada estudante presentará ao titor universitario unha memoria de prácticas (ao redor de 10 páxinas a ordenador, con letra Arial ou Calibri a 11 puntos e espazo 1,5. non contarán a portada, índice, bibliografía ou anexos) no que se describa a práctica realizada e que atenda, entre outros, os seguintes puntos:

- a) Portada con

apelidos e nome do/da estudante, o centro de prácticas e os datos do titor do centro de prácticas.

b) Índice detallado e

paxinado.

c) Introducción coa

xustificación das prácticas, o horario e o tempo de permanencia.

d) Características do

centro, indicando o contexto, o modelo organizativo, a planificación etc.

e) Desenvolvemento

das prácticas. Deberá realizar unha descrición detallada das actividades e tarefas realizadas durante a práctica.

f) Reflexión sobre a

formación recibida.

g) Bibliografía.

h) Anexos.

Ao final do período de prácticas

cada estudante presentará ao titor universitario, ademais, un informe de avaliación do centro onde realizou as prácticas seguindo o modelo establecido pola Universidade. As prácticas de Máster poderán ser obxecto de recoñecemento de créditos por experiencia laboral ou profesional nos termos que as normativas establezan e a Coordinación do Máster sinale ao comezo do curso académico.

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías